
BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (REF.PER.-2025/06).

ÍNDICE

- 1. Obxecto da Convocatoria**
- 2. Requisitos dos/as Aspirantes**
- 3. Réxime Xurídico da Contratación**
- 4. Tarefas a Desempeñar**
- 5. Solicitudes e Documentación a Presentar**
- 6. Lugar e Prazo das Solicitudes**
- 7. Procedemento de Selección**
- 8. Lista Provisional coas Puntuacións do Proceso Selectivo**
- 9. Lista Definitiva coas Puntuacións do Proceso Selectivo**
- 10. Criterios de Desempate**
- 11. Resolución da Convocatoria**
- 12. Lista de Suplentes**
- 13. Datos de Carácter persoal**
- 14. Órgano de Contratación**
- 15. Comisión de Selección**
- 16. Disposición Final**

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (REF.PER.-2025/06)

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é unha fundación de Interese galego, dependente da Consellería do Medio Rural, inscrita no Rexistro Público de Fundacións de Interese Galego con data de 5 de novembro de 2003, co número de inscrición: 2003/28, constituída ao abeiro do disposto no artigo 34, apartado 1, da Constitución Española, séndolle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación de persoal de duración determinada baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non-discriminación.

1.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto do proceso selectivo será a selección e posterior contratación dun/ha (1) “Técnico/a Base de I+D+i para determinacións microbiolóxicas e cromatográficas en produtos agroalimentarios para o proxecto FEADER 2024/067B”, mediante contrato laboral temporal, polo procedemento de concurso de méritos, para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

2. Requisitos dos/as Aspirantes

Os/As candidatos/as deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes coma no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

Requisitos Xerais

- Nacionalidade:
 - a) Ter nacionalidade española; ou
 - b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España

sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes; ou

- c) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.
- Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos.
 - Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
 - Habilitación: No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Requisitos Específicos

- Titulacións requiridas: mínimo requirido de Formación Profesional de Grao Superior da rama Química, da rama de Industrias Alimentarias ou da rama Agroforestal.

Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

- Acreditar o coñecemento do idioma galego mediante a posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento do galego ou estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un/ha candidato/a non poida acreditalo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo II destas bases.
- Estar en posesión do permiso de condución tipo B e ter dispoñibilidade para desprazarse polo territorio nacional.

3.- Réxime Xurídico da Contratación

O presente contrato regularase polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e particularmente, polos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 10/2010, do 16 de xuño (BOE 17 de xuño), pola Lei 12/2001, do 9 de xullo (BOE 10 de xullo) especialmente pola súa Disposición adicional sétima, pola Lei 14/2011, do 3 de xuño, e Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE do 8 de xaneiro) polo que se desenvolve o citado artigo 15 do Estatuto, pola Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, e polos Estatutos da entidade contratante. Esta contratación revestirá a modalidade de contrato de traballo temporal con cláusulas específicas de contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (código 406), de conformidade coa Disposición Adicional quinta do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE nº 313, do 30 de decembro do 2021).

Este contrato é de actividades científico-técnicas, posto que o seu obxecto é a realización de actividades vinculadas a liñas de investigación o de servizos científico-técnicos. Por tratarse dun contrato de actividades científico-técnicas vinculado a financiamento externo ou financiamento procedente de convocatorias de axudas públicas en concorrencia competitiva na súa totalidade, non se require o trámite de autorización previa conxunta da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal nin da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, pero si será totalmente necesario informar a estas direccións xerais das anteditas contratacións, de conformidade co punto 3 do artigo 23.bis da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (BOE nº 131, de 02/06/2011), e tal como se recolle no artigo 16.4 da Lei 4/2024, de 27 de decembro, do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (DOG nº 251, de 31/12/2024).

4.- Tarefas a Desempeñar

O traballo a desenvolver polo/a candidato/a consistirá en:

- Realización de ensaios microbiolóxicos e cromatográficos en produtos agroalimentarios.
- Posta a punto de determinacións microbiolóxicas e cromatográficas en produtos agroalimentarios.
- Obtención, análise e interpretación de datos en proxectos de I+D+i.

As devanditas tarefas e accións teñen autonomía e substantividade propia dentro da actividade da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

5.- Solicitudes e Documentación a Presentar

Presentarase a instancia (Anexo I) con toda a documentación requirida. Esta documentación irá numerada correlativamente e co número total de folios (--/--).

A omisión de calquera dos seguintes documentos será motivo de exclusión no proceso de selección:

- Anexo I das presentes bases correctamente cumprimentado.
- Documento de identificación: fotocopia cotexada do NIF, NIE, pasaporte ou documento equivalente.
- Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española acreditarán que concorren as circunstancias do punto 2 das presentes bases.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida nas presentes bases ou certificado académico que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención da titulación ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión da correspondente titulación académica.
- Documentación cotexada acreditativa dos méritos alegados para o concurso.
- Fotocopia cotexada do diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, que acredite o coñecemento do idioma galego, en grao de perfeccionamento ou de estar en posesión do CELGA 4, de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 26 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo).
- Certificado da vida laboral emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de tela solicitado en prazo.
- Fotocopia cotexada do permiso de condución tipo B.

Aqueles/as candidatos/as que presenten o certificado de ter solicitado a vida laboral na Tesourería Xeral da Seguridade Social deberán entregar o certificado da vida laboral no prazo de emendas.

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

6.- Lugar e Prazo das Solicitudes

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse preferentemente nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres, ata a data de finalización do prazo de admisión de candidaturas.

Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de candidaturas.

Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de candidaturas.

O prazo de presentación será de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia (D.O.G.). Terán o carácter de días inhábiles os sábados, os domingos e os festivos locais, autonómicos e nacionais. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 19 de novembro do 2025 ás 14:00 horas. Transcorridos tres (3) días hábiles desde a data de finalización do prazo de entrega de candidaturas sen terse recibido algunha candidatura que fose remitida por correo, esta non será admitida en ningún caso. As solicitudes recibidas unha vez rematado o prazo para a presentación de candidaturas, consideraranse, a todos os efectos, como solicitudes fóra de prazo, sendo o/a candidato/a excluído/a do proceso selectivo.

Para os efectos do cotexo da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada pola propia Fundación e a cotexada por outras administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto do galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 988.548.277, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas de luns a venres.

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a Comisión de Selección publicará na súa páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. Na lista constará, en todo caso, o número de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación aportada, e nunca aportar nova documentación. Estas solicitudes de emenda presentaranse preferentemente nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres, ata a data de finalización do prazo de emenda. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de emendas. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo emendas.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

7.- Procedemento de Selección

7.1.- Primeira Fase: Valoración de méritos.

7.1.1.- Experiencia Profesional

A experiencia profesional na categoría deberase acreditar **conxuntamente** por medio de:

- Certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social; e
- Fotocopia cotexada dos contratos de traballo ou fotocopia cotexada dos certificados de empresa ou documento que así o acredite.

1. A **experiencia laboral** relacionada co obxecto da contratación, establecida no punto 4 das presentes bases, valorarase ata un máximo de dez (10) puntos:

- Por cada mes de servizo prestado nos sectores público ou privado, na mesma categoría ou similar á que se convoca, computando soamente os últimos cinco (5) anos: 0,17 puntos.
- No caso de experiencia a través de bolsas, acreditarase mediante documento expedido polo organismo correspondente.

2. A **participación en proxectos I+D+i** e relacionados e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das presentes bases) e que sexa acreditada por algún destes medios:

- Mediante fotocopia cotexada da documentación do proxecto onde se reflicta a participación do/a candidato/a.
- Mediante fotocopia cotexada do informe emitido polo investigador principal do proxecto onde quede reflectida a participación do/a candidato/a.
- Mediante fotocopia cotexada da certificación emitida polo centro titular do proxecto onde quede reflectida a participación do/a candidato/a.

A participación en proxectos I+D+i valorarase cunha puntuación máxima de un (1) punto:

- Por participación en proxectos rexionais: 0,30 puntos por proxecto.
- Por participación en proxectos estatais: 0,40 puntos por proxecto.
- Por participación en proxectos europeos: 0,75 puntos por proxecto.

A Comisión de Selección poderá outorgar, nesta fase, ata un máximo de once (11) puntos.

7.1.2.- Formación Específica

1. **Coñecementos específicos:** valoraranse os cursos, másteres ou estudos relacionadas e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das presentes bases) e que sexan debidamente acreditados, organizados e impartidos directamente pola Escola Galega da Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, INEM, Dirección Xeral de formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCA, ata un máximo de catro (4) puntos:

- Por cada curso igual ou inferior a 10 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 20 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 30 horas lectivas: 0,30 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 40 horas lectivas: 0,40 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 50 horas lectivas: 0,50 puntos.
- Por cada curso superior a 50 horas lectivas: 0,60 puntos.

2. **Outros coñecementos vinculados coas actividades do centro,** distintos dos recollidos no punto anterior, ata un máximo de dous (2) puntos:

- Por cada curso igual ou inferior a 10 horas lectivas: 0,05 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 20 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 30 horas lectivas: 0,15 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 40 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 50 horas lectivas: 0,25 puntos.
- Por cada curso superior a 50 horas lectivas: 0,30 puntos.

3. **Coñecementos de inglés:** valoraranse os coñecementos de lingua inglesa por ser a maioritaria na comunicación científica (artigos, relatorios, portais web...) e na difusión e recuperación de información (bases de datos, buscadores...), acreditándose mediante a posesión dos títulos oficiais correspondentes enmarcados no Marco Común Europeo de Referencia do Consello de Europa (MCERL). A valoración farase de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de un (1) punto:

- Polo Nivel Usuario Básico A2 (Plataforma) do MCERL, Nivel Básico da EOI, KET (Key English Test) ou equivalentes: 0,10 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B1 (Umbral) do MCERL, Nivel Intermedio da EOI, PET (Preliminary English Test) ou equivalentes: 0,20 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes: 0,40 puntos.

- Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,60 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1 punto.

A Comisión de Selección poderá outorgar, nesta fase, ata un máximo de sete (7) puntos.

Unha vez rematada a valoración dos méritos que aportan os candidatos/as (experiencia profesional e formación específica), publicarase unha lista provisional coas valoracións do concurso de méritos no taboleiro de anuncios da Fundación e na súa páxina web (<http://www.ceteca.net/>). Establecerase un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para a presentación de reclamacións. Estas reclamacións presentaranse preferentemente nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres, ata a data de finalización do prazo de reclamacións. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de reclamacións. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións, publicarase a lista definitiva coa valoración dos méritos, sinalándose a hora e lugar da fase final da entrevista persoal.

7.2.- Segunda Fase: Entrevista Persoal

A entrevista persoal pretende determinar o grao de competencia do/a candidato/a, en función da súa traxectoria formativa e profesional. Versará sobre aspectos do seu Currículo, contraste de coñecementos, idoneidade do/a candidato/a en relación coas funcións a desempeñar no posto, expresión oral e dispoñibilidade do/a aspirante. Terá unha duración máxima de vinte minutos.

Pasarán a esta fase aquelas persoas que acaden unha puntuación igual ou inferior en dous puntos á do candidato/a que obteña a maior puntuación. En caso de que ningún outro aspirante se atope nesta circunstancia, e para garantir o cumprimento do principio de concorrencia que preside todo proceso selectivo, establécese que en todo caso serán convocados á entrevista un mínimo de 20 candidatos/as.

A asistencia á entrevista é obrigatoria para os candidatos/as convocados/as. A non comparecencia será motivo de exclusión no proceso de selección.

No caso das prazas para as que é requisito indispensable acreditar o coñecemento da lingua inglesa cun nivel mínimo de Nivel Usuario Independente B1 (Umbral) do MCERL, Nivel Intermedio da EOI, PET (Preliminary English Test) ou equivalentes, a entrevista poderá ser realizada total ou parcialmente en inglés.

A Comisión de Selección poderá outorgar, nesta fase, ata un máximo de dous (2) puntos.

8.- Lista Provisional coas Puntuacións do Proceso Selectivo

Rematada a quenda de entrevistas, a Comisión de Selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, concedendo un prazo de reclamacións de dous (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación. Estas reclamacións presentaranse preferentemente nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres, ata a data de finalización do prazo de reclamacións.

Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de reclamacións. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988.548.276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo reclamacións.

9.- Lista Definitiva coas Puntuacións do Proceso Selectivo

Transcorrido o prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará a lista definitiva coas Puntuacións do Proceso Selectivo.

10.- Criterios de Desempate

En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no suposto de existir infrarrepresentación do sexo feminino (entendendo por tal cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller. De persistir o empate, será de aplicación a orde alfabética que se estableza en virtude do Regulamento de Selección de Persoal da Administración Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, (DOG do 25 de marzo). De conformidade coa RESOLUCIÓN do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 16, do 24 de xaneiro do 2025), a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aquelas cun primeiro apelido que comece pola letra “F”.

11.- Resolución da Convocatoria

A Comisión de Selección propondrá o/a candidato/a ao Director Xerente da Fundación, quen resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación.

A Comisión de Selección resérvase a posibilidade de propor ao Director Xerente, en caso de considerar que non se acadou un nivel mínimo, que unha praza determinada sexa declarada deserta.

O/A candidato/a seleccionado deberá aceptar o posto no prazo de tres (3) días hábiles contados dende o día seguinte o da publicación da Resolución do Director Xerente na páxina web da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (www.ceteca.net) e, en caso de non aceptación, procederase ao chamamento dos/as candidatos/as da lista de suplentes.

12.- Lista de Suplentes

Os candidatos/as convocados á entrevista e que non fosen contratados no proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de suplentes, ad hoc, que se fará pública coa lista

definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos candidatos/as segundo a orde de prelación da mesma, de maior a menor puntuación.

A vixencia da lista coincidirá coa duración do proxecto que financia esta contratación.

13.- Datos de Carácter Persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril do 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). Os candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente á incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes na Fundación e ao seu tratamento.

O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoo nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, no Parque Tecnolóxico de Galicia, na Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas.

14.- Órgano de Contratación

O órgano de contratación da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é o Padroado da Fundación, que delega no Director Xerente a facultade de formalizar o correspondente contrato segundo os poderes xerais outorgados mediante escritura pública do 3 de xullo de 2009, ante Notario do Ilustre Colexio de Galicia.

15.- Comisión de Selección

15.1.- A Comisión de Selección

A Comisión de Selección será designada polo Director Xerente da Fundación para cualificar o proceso de selección garantido os principios de equidade e imparcialidade na procura do mellor perfil profesional.

A Comisión de Selección estará constituída en virtude do principio de paridade entre mulleres e homes, nos termos establecidos no artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, por un/unha presidente/a, un/unha vogal e un/unha secretario/a.

A Comisión de Selección axustará a súa actuación ao artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da Comisión estarán suxeitos ás causas de abstención previstas no Art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, resultan de aplicación as Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril do 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os membros da Comisión de Selección deberán estar en posesión de titulación de igual ou superior nivel da titulación requirida para o proceso de selección.

A Comisión de Selección non se poderá constituír, nin actuar sen a presenza dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

Poderanse nomear asesores da Comisión de Selección, os cales se limitarán ao exercicio das súas respectivas especialidades, con voz pero sen voto.

Os interesados/as poderán promover recusación en calquera momento da tramitación do proceso de selección en virtude do disposto no Art. 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

15.2.- Funcións da Comisión de Selección:

- Avaliar os méritos, e outorgarlles cualificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso do concurso e o resultado final, que será remitido ao órgano de contratación.
- Resolver todas aquelas dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- Propor ao Director Xerente da Fundación o candidato/a que obtivo a maior puntuación a efectos da súa contratación.

As comunicacións e demais incidencias, serán dirixidas á Comisión de Selección da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense.

16.- Disposición Final

A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

San Cibrao das Viñas, __ de _____ do 2025.

O director xerente

Miguel Fernández Rodríguez.



ANEXO I
SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL
REF. PER.- 2025/06

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido: Segundo apelido:
Nome: NIF:
Enderezo:
Localidade: Provincia:
Código Postal: Teléfono: E-mail:
Data de nacemento: Nacionalidade:
Nº de afiliación á Seguridade Social:
TITULACIÓN

DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante declara non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta, e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

E de conformidade co establecido no regulamento xeral de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril do 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- | | |
|--|--|
| ☐ Documento de Identificación | ☐ Curriculum Vitae |
| ☐ Vida Laboral Seg. Social | ☐ Certificado/s Bolsa / Prácticas |
| ☐ Certificado de Empresa/Entidade | ☐ Curso de Perfeccionamento de Galego |
| ☐ Contrato/s de Traballo | ☐ Permiso de condución tipo B |
| ☐ Outros (especificar):..... | |

No caso de que a documentación a aportar xa estivese incluída nun expediente previo tramitado pola Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, indíquese a referencia do expediente para a súa consulta:

.....

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:

COMISIÓN DE SELECCIÓN DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

Identidade: Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

Enderezo postal: Avda. de Galicia, nº 4, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32900, San Cibrao das Viñas (Ourense).

Correo electrónico: dpto_administracion@ceteca.net.

FINALIDADE:

Os datos solicitados neste formulario serán incorporados na actividade de tratamento "Proceso selectivo de persoal REF.PER.-2025/06", que ten por finalidade a tramitación do proceso selectivo REF. PER.-2025/06 para a selección e posterior contratación de persoal laboral temporal, polo procedemento de concurso de méritos, para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que podan derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Non se tomarán decisións baseadas no tratamento automatizado dos datos.

LEXITIMACIÓN:

Base xurídica do tratamento:

- Regulamento UE 2016/679 Xeral de Protección de Datos.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

OBRIGA DE FACILITAR OS DATOS PERSOAIS E CONSECUENCIAS DE NON FACELO:

A lexislación vixente en materia de protección de datos obriga ao responsable do tratamento a establecer medidas de seguridade que garantan a correcta identificación e autenticación dos usuarios nos sistemas de información que manexen datos de carácter persoal. No caso de non proporcionar os datos solicitados neste formulario, non se poderá solicitar a participación no proceso selectivo de persoal.

DESTINATARIOS:

Non se realizarán cesións nin transferencias internacionais dos datos.

DEREITOS:

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición ao seu tratamento, cando procedan, ante a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne – Avda. de Galicia, nº 4, Parque Tecnolóxico de Galicia – 32900 San Cibrao das Viñas – Ourense, ou no enderezo de correo electrónico dpto_administracion@ceteca.net. Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme ao disposto na base segunda da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos/as non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales só unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de Selección. A efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- Por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta.
- As respostas en branco non puntúan.
- As dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta, sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas correctas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta, o candidato/a quedará excluído/a.

Ao remate do exercicio, cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario.

As respostas correctas do cuestionario faranse públicas no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación, no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba.

A Comisión de Selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos/as aspirantes. Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de Selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará co proceso selectivo.